



Festas Patronais
PARADELA 1991



O CAPITAN DE TOEXE

Manuel Rodríguez López

Ch amábanlle o Capitán de Toexe aínda que endexamáis tivo un arma nas mans xa que librou da «milia» por non dar a talla. O alcume víñalle de que, en tempos das guerras carlistas, un devanceiro seu chamado Suso Ferreira, conseguira o grado de capitán. O capitán de Toexe contaba a historia do seu parente con moita fachenda e cunha fantasía que talmente semellaba inspirada nunha romántica cantiga de cegos. Eu non fago máis que transmitir o que lle oín na casa da Pega.

En terras das Asturias vivía un home que andaba sempre bébedo e endexamáis pagaba o que bebía nin o que comía. Tamén lle gustaban moito as rapaciñas novas, pero xa era vello e elas facían a risa del.

Unha invernia, das máis crúas que se acordan, enfermou e, ós poucos días morreu. E, como non deixara diñeiro nin bens e «camiñara» ateigado de trampas, os veciños non cavilaron outra que darlle de paus.

Estando na malla macabra, acertou a pasar o soldado Suso Ferreira, de Toexe, que ía de permiso á casa dos seus pais

-¿Por que lle pegades ó morto? Os cadavres non fan mal a ninguén.

-Quedou debendo moito diñeiro e, xa que non pagou en vida, ten que pagar de morto, berraron a unha, cheos de carraxe.

-¿Canto debía?

-Trinta reais.

-Pois non lle batades máis que pago eu.

Inda ben non metera as mans no bulsón cando unha vella berallou.

-¿E quen paga o enterro?

Eu ando con todo, contestou o militar.

O Suso agardou que lle deran terra, pagoulle ó crego o seu labor e colleu camiño decontado porque non tiña cabalo e aínda lle faltaban moitas leguas para canear p*-or mor da guerra, o coitado rapaz xa levaba dous anos sen ver á familia e langreaba por estreitalos

a todos entre os seus brazos.

Cando chegou a Toexe, os pais prepararon unha gran festa e mataron un carneiro. O fillo, que coidaban morto no estrondo da guerra, voltara san e salvo!

Os días contados logo pasan e a despedida foi aceda. O soldado desandou, de novo, atallos e camiños para reincorporarse ás armas e, cando chegou ó campo de loita atopouse con que os isabelinos tiñan feito estragos a eito e alancaban triunfantes en tódolos frentes tras sangüentos combates.

Un serán a súa montura caeu ferida de morte e o coitado ciscouse co medo. Xa se coidaba perdido naquel remuíño infernal cando viu un fermoso cabalo branco ceibe e, de súpeto, con anovados folgos, montou nel para seguir na loita, destemido.

Aquel cabalo era un pasmo:

Erguíase encabuxado e couceaba ós inimigos estambullándoos no chan

namentres o Suso rabenaba cabezas a eito.

¡Nin que fora cousa de milagre! As forzas carlistas, aguilloadas pola afouteza do soldado reincorporado de novo, avanzaron conquistando posicións perdidas e o xeneral arengou ós homes desta maneira:

«Espreitate ben o que vos digo: hai que estar preparados porque en canto amañeza, teño a seguridade de que os usurpadores voltarán ó ataque. Todos fostes valentes; pero o Suso Ferreira fixo verdadeiras fazañas e, dende hoxe atenderedes as súas ordes. Capitaneados por este valente loitador, daredes escarmento ós liberais de Sabela!

Pola mañá, como unha nube de po, o exército adversario abalanzouse con desespero á derradeira batalla. A loita foi máis cruel ca endexamáis; pero, seguindo os mandatos do ousado capitán, os leais deixaron o campo estercado de cadavres e conseguiron unha manchea de presos.

O xeneral pendurou do peito do Capitán Ferreira a medalla do mérito ó militar e concedeulle unha paga vitalicia. Houbo grandes festas e díxolle:

-Pideme o que queiras, que che será concedido.

O Suso Ferreira non debecía outras estrelas que non foran as da súa Terra e refugando glorias castrenses, saloucou:

-O meu pai xa vai moi acabadiño e só anceio a licencia para lle axudar a traballar as leiras.

O xeneral, que comprendeu o seu rogo; deulle unha Licencia Absoluta e agasallouno co cabalo branco, e o Suso, reloucando de ledicia, saíu a gallope en dereitura á súa aldea.

Cando chegou ó pobo onde vira a macabra escena, ficou cheo de aglaio.

O cabalo, falando coma un cristiano, díxolle:

-Non te acores, Suso, e atende: eu son aquel home que salvaches da profanación salvaxe neste pobo. Por

seres o meu valedor, quíxente axudar transfigurándome nun cabalo guerreiro. Non contes o caso a ninguén, agás ós teus pais, porque non che darían creto e coidarían que a guerra che arrebatou o xuicio. Segue a facer ben e non mires a quen.

No intre, o cabalo sumiuse e o Capitán Ferreira, aquel Suso Ferreira, que un día deixara a aldea para loitar por obriga militar, seguiu a pe cara á súa terra rebordante de contento.